



PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN DOS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, OROSO, ORDES, TORDOIA E CERCEDA PARA A CREACIÓN, XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA VÍA VERDE QUE DESCORRE POLOS 5 CONCELLOS

En Santiago de Compostela, o 7 de xuño do 2017.

COMPARECEN

D. MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ, alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, alcalde do Concello de Ordes.

D. MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso.

D. ANTONIO PEREIRA LIÑARES, alcalde do Concello de Tordoia.

E D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES, alcalde do Concello de Cerceda.

INTERVEÑEN

Os comparecentes interveñen en nome de cadan seu concello, do que desempeñan a representación legal, consonte os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e recoñécense capacidade legal para subscribiren este protocolo xeral de actuación ao abeiro do artigo 47.1, segundo parágrafo, da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade con iso,



EXPOÑEN

1º. As cinco corporacións locais comparecentes contan entre as súas competencias a de procurar o desenvolvemento económico dos seus concellos, en concreto, a través da información, dinamización e promoción das actividades turísticas a que se refire o artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

2º. Nese marco, a recuperación de camiños de ferro en desuso que discorren polos nosos municipios e a súa transformación en “vías verdes” constitúe unha ferramenta óptima para poñer en valor as cualidades ambiental, paisaxística, patrimonial e histórica dese vieiros.

3º. Os cinco concellos comparecentes contan on 36,9 km de vías férreas en desafectadas que, tralo seu acondicionamento, serían moi doadas de transitar en bicicleta ou a pé, e constituirían un espazo público de grande atractivo polo seu intereses natural e cultural.

4º. A transformación deses treitos de antigas vías férreas convertería a “Vía Verde a Compostela” na primeira corredoiro verde de Galicia en lonxitude e tería unha grande transcendencia e repercusión no desenvolvemento socioeconómico dos cinco concellos, e na promoción turística da zona na medida en que enlazaría, por unha ruta alternativa, á capital de Galicia cos municipios veciños.

5º. Os cinco concellos comparecentes solicitaronlle a ADIF a cesión dese treito de antiga vía férrea e están dispostos a asumir a xestión, promoción e mantemento desa infraestrutura coa finalidade citada. Para iso son precisas unhas actuacións integrais e conxuntas de mellora da calidade da información, e de promoción turística da Vía verde.



En calquera caso, as relacións de cooperación intermunicipal deben respectar a respectiva autonomía municipal como garantía da liberdade de todos os Concellos na definición e aceptación dos seus compromisos. E a cooperación dos cinco concellos debe reflectirse en todas aquelas accións que teñan como obxectivo principal a promoción conxunta da Vía Verde para contribuír ao desenvolvemento turístico e económico dos seus territorios.

6º. En coherencia con iso, os concellos representados desenvolverán accións de cooperación e traballarán conxuntamente para a promoción da Vía Verde e este protocolo xeral de actuación substitúe ao acordo asinado no ano 2008 con relación á mesma materia, no entendemento de que garante maior participación das entidades subscribintes e se refire a unha maior superficie protexida de Vía Verde.

Polo exposto, os comparecentes

OUTORGAN

Primeiro. Darlle continuidade, mediante este protocolo xeral, a unha relación de cooperación técnica e intercambio de boas prácticas co obxecto do lanzamento de novos proxectos no ámbito da promoción turística da Vía Verde.

Segundo. Comprometerse a cooperar coa finalidade de promocionar o desenvolvemento económico, social e cultural dos concellos a través da promoción turística desta Vía.

Terceiro. Levar adiante conxuntamente accións solidarias de intercambio de información e experiencias de colaboración política e técnica con relación á Vía verde. Esta colaboración entre os citados concellos concrétase, con carácter enunciativo e non limitativo, en:



- Diseñar e elevar propostas conxuntas co obxecto de potenciar a Vía Verde.
- Colaborar e apoiar nas xestións necesarias coas diferentes Administracións, para a consecución de financiamento destinado á promoción da Vía Verde.
- Asistir ás xuntanzas de coordinación que se establezan.
- Poñer a disposición os recursos propios, incluíndo os técnicos, de cada concello, sempre e cando non supoñan cargas adicionais non equitativas.
- Informar puntualmente a cada un dos outros concellos de todos os eventos organizados ou participados que teñan relación coa promoción conxunta en cuestión.
- Intercambiar información e documentación para a súa difusión entre os cinco concellos.
- Colaborar e participar nas xornadas, mesas de traballo etc, que as cinco entidades municipais citadas organicen, co obxecto de potenciar e favorecer o impulso da Vía Verde.
- Establecer canles de comunicación e coordinación continua entre todas as entidades municipais implicadas.

Cuarto. A posibilidade de detallar no futuro, mediante addendas ou convenios específicos, os proxectos e colaboracións que se poñan en marcha ou calquera outra medida que redunde no cumprimento dos fins deste Acordo.

Quinto. Adquirir por parte de cada unha das cinco partes o compromiso de respectar a autonomía municipal das restantes.

Sexto. Establecer unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes para o seguimento e desenvolvemento das actuacións que se poñan en marcha no marco deste protocolo.

Esta comisión reunirse polo menos unha vez cada tres meses ou sempre que así o soliciten tres dos asinantes, cunha antelación mínima de cinco días. O funcionamento da comisión axustarase á regulación que para os órganos



colexiados contén o Título Preliminar, Capítulo II, Sección 3ª, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétimo. Este protocolo xeral de actuación non conleva achega económica ningunha por parte dos concellos asinantes.

Oitavo. Este protocolo xeral de actuación entra en vigor o día da súa sinatura e ten unha vixencia inicial de un ano, sen prexuízo de que se entenderá prorrogado por períodos anuais sempre que non medie denuncia expresa por calquera das partes cunha antelación mínima de un mes á data do vencemento.

Sr. D. Martiño Noriega Sánchez

Sr. D. José Luis Martínez Sanjurjo

Alcalde de Santiago de Compostela

Alcalde de Ordes

Sr. D. Manuel Mirás Franqueira

Sr. D. Antonio Pereiro Liñares

Alcalde de Oroso

Alcalde de Tordoia

Sr. D. José García Liñares

Alcalde de Cerceda